

NOTA DE PRENSA

-XII Xornadas de Arquitectura Bioclimática-

A arquitecta María López de Asiaín reivindica o uso de software libre e gratuito para a realización de proxectos arquitectónicos

Un grupo de investigadores cataláns creou *Heliodón*, un programa que permite calcular as sombras en calquera latitude

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- A segunda fin de semana das duodécimas **Xornadas de Arquitectura Bioclimática** que organiza a **Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia** culminou hoxe coa intervención da arquitecta sevillana **María López de Asiaín Alberich**, que fixo especial fincapé na existencia dun novedoso software dispoñible para os arquitectos.

López de Asiaín expuxo no seu relatorio todas as ferramentas, tanto informáticas como de calquera outro tipo, existentes para o uso gratuito e libre dos arquitectos. “É imprescindible que se lle comece a dar cabida aos novos programas e se recoñeza todo o seu potencial”, sinalou a arquitecta.

A presentación centrouse principalmente nun programa elaborado polo grupo de investigación **Arquitectura e Enerxía** da Universidade Politécnica de Catalunya, o **Heliodón**, un software que permite estudar os traxectos solares desde calquera punto do globo e analizar a incidencia da luz solar directa en edificios ou zonas urbanas. Deste programa, María López de Asiaín destacou que “lle permite aos arquitectos calcular as sombras que se poden producir en calquera latitude”. Ademais, con el pódense realizar “volumetrías de forma moi sinxela, moi útil para que se use con soltura nos momentos previos do proxecto”. Por último, explicou que por riba de todo trátase dun programa “gratuito e dispoñible para a descarga na páxina web” dos investigadores cataláns (www.upc.edu/aie).

Neste sentido, López de Asiaín indicou o funcionamento do programa poñendo como exemplo o seu uso no estudo de soleamento e xeometría solar dentro dun proxecto de construción da sede do Instituto Nacional de Tecnoloxías da Comunicación na cidade de León, en febreiro de 2007.

Na súa opinión, esta presentación serviu para marcar pautas aos arquitectos, para que comecen a darlle a atención que se merecen estes novos programas, moito menos custosos que os que se utilizan. “O obxectivo a partir de agora é dar a coñecer todas as ferramentas útiles que se están a desenvolver, pero que son pouco coñecidas”, concluíu.

N.B.- Inclúe fotografía da arquitecta

SAÚDOS

Prensa COAG-Santiago

981 55 44 07

www.arquitectosdesantiago.es

www.vialactea.es